



CIRCULAR INFORMATIVA INICIO DO CURSO 2015-2016

1º.- BIBLIOTECA DO COLEXIO

Normas da Biblioteca

- Horario: polas tarde, de catro e media a seis, os luns, mércores, xoves e venres, dende o 1 de outubro ao 31 de maio.
- Podemos facer uso dos ordenadores sempre co permiso do mestre de garda.
- O alumnado de Educación Infantil e o de 1º ciclo de Primaria, no horario non lectivo, para facer uso da Biblioteca deberán permanecer acompañados dun adulto.
- O comportamento disruptivo dentro da Biblioteca acarrea a expulsión da mesma.

A porta de entrada á biblioteca será a que da ao exterior (frente á porta por donde entra primeiro e segundo de primaria)

2º.- HORARIOS

*ENTRADAS: ás 9h

*SAÍDAS: ás 14h tódolos nenos de primaria, agás 1º de primaria que o farán ás 13h55 pola súa porta, e, educación infantil que o farán ás 13h50.

*VISITAS de pais será CONCERTADO con cada titora/or, preferentemente as tardes na que estes últimos teñan garda no colexio, pregamos avisen con antelación a súa visita a través dos seus fillos/as.

*HORARIO AO PÚBLICO PARA XESTIÓNS ADMINISTRATIVAS CO EQUIPO DIRECTIVO: de luns a venres de 9h a 10h30 e os martes de 18h a 19h, pregamos que para outros asuntos pregamos pidan cita.

3º.- NORMAS a ter en conta:

- Puntualidade : nas entradas e saídas.
Contabilizaremos atrasos reiterativos dos alumnos/as e se tomaran as medidas oportunas. Norma importante xa que dela dependa a correcta marcha da clase e o hábito que adquire cada neno.
- Hixiene e boa conduta que se deben manter tanto dentro como fora do recinto escolar. Si algún neno/a necesita ir ao servizo pregamos non se utilice o patio e acudan aos aseos do centro.
- Queda todo o centro e o seu recinto libre de fumes, polo que pregamos non se fume nin dentro nin fora esperando ós nenos.
- Pregamos non veñan acompañados de animais domésticos á hora de vir a buscar os seus fillos/as.
- Rogamos ós pais non suban ás aulas no horario escolar, para non interromper a correcta dinámica das mesmas, así como agardar os seus fillos nas saídas e portas asignadas, e non nas escaleiras ou no interior dos vestibulos, pois serían moi dificultosas ditas saídas e entradas.

4º.- AUTORIZACIÓNS

Durante o curso xorden diversas actividades ás que os mestres/as non queren renunciar por mor dunha formación correcta, tales como acudir ó auditorio a ver obras de teatro, escoitar concertos, charlas, etc... así como realizar saídas no entorno inmediato. Estas actividades serán perfectamente estruturadas, pero non se poden planificar con antelación, xa que non dependen directamente do Centro, en todo caso, solicitamos a través da presente, autorización para realizar as mesmas.

En canto ás excursións fora da bisbarra, xa solicitaremos unha autorización expresa.

Na presente circular tamén se vos pide unha autorización no caso de utilizar imaxes nas que os vosos fillos/as participen dalgúns dos proxectos que realizamos no colexio, como son o proxecto de educación viaria, alimentación ou actividades programadas polo centro. No caso de utilizala sempre será como recurso educativo neses proxectos aprobados pola Consellería de Educación que teñen carácter didáctico ou na propia páxina web do colexio.

No caso de que persoas, sexan ou non da comunidade escolar, tomen imaxes pola súa conta e fagan uso das mesmas, expresamos que o centro non se fai responsable de dito uso.

5º.- CAMPAÑA DE ALIMENTACIÓN NO COLEXIO.

No mes de outubro continuamos a campaña iniciada hai varios cursos "por unha alimentación saudable", xa non precisan traer merendas os nenos da casa.

DISTRIBUCIÓN DAS MERENDAS:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
PAN E LEITE	PAN E FROITA	PAN E IOGUR	PAN E FROITA	PAN E LEITE

* Os nenos/as traerán cada día os utensilios necesarios para o seu uso (vaso, culler, pano de mesa ...)
NESES CASOS DEBIDAMENTE XUSTIFICADOS NOS QUE NON SE PODE PARTICIPAR , OS PAIS DEBEN COMPROMETERSE A ENVIAR ALIMENTOS AOS SEUS FILLOS QUE COINCIDAN COA LIÑA DA CAMPAÑA , É DICIR QUE SE AXUSTEN AOS ALMORZOS SAUDABLES.

Non esquezan que si desexan que os seus fillos/as continúen participando nesta campaña deberan mandarlle ás súas mestras/es titoras/es a autorización que tamén axuntamos.

Durante o horario escolar non se permitirá aos alumnos/as mercar a través do enreixado do colexio.

PAGO DO 1º TRIMESTRE DAS MERENDAS:

Prezo 20€ por alumno , agradecemos aporten a cantidade exacta.

Luns día 5 de outubro de 9h a 10h infantil de tres, catro e cinco anos na conserxería do colexio.

Martes día 6 de outubro de 9h a 10h 1º e 2º primaria na conserxería do colexio.

O luns día 5 os alumnos de 3º, 4º,5º e 6º entregaran os cartos aos seus mestres/as nas súas aulas.

PREGAMOS ENCARECIDAMENTE A SÚA COLABORACIÓN AXUSTÁNDOSE AO DÍA E HORA ASIGNADOS ASÍ COMO CO APORTE DA CANTIDADE EXACTA.

No caso de non facer o pago nese día indicado pasen pola conserxería no horario de atención ao público indicado, na semana do 5 ao 9 de outubro, de non facelo considérase que non se participa nas merendas.

6º.- TELÉFONOS MÓBILES NO CENTRO

Queda totalmente prohibido o uso por parte dos escolares no horario do colexio, si algún neno por motivos excepcionais ten que traelo, o deixará na secretaria do centro e o recollerá cando remate a xornada escolar.

7º.- OS DÍAS NON LECTIVOS SERÁN SEGUNDO CALENDARIO OFICIAL:

EXPOSTOS NA PAXINA OFICIAL DA XUNTA, OS OFICIAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA E O 23 DE NOVEMBRO 2015 día de Narón e 16 DE MAIO de 2016 ELIXIDOS POLOS CEIPS DE NARÓN

(no caso de non ser autorizado o día avisaríamos as familias)

8º.- SERVIZO DE COMEDOR.

RECORDAMOS QUE A XESTIÓN DO COMEDOR (XESTIÓN INDIRECTA) NOS XANTARES DE 14 A 16H É REGULADA POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN.

OUTRO TIPO DE SERVIZO (ALMORZO DE 7H30 A 9H) NON É ASUMIDO POLA ADMINISITRACIÓN EDUCATIVA E XESTIONADO POLA ANPA E SUBVENCIONADO POLO CONCELLO DE NARÓN

Narón Setembro de 2015

O Director

IMPORTANTE: REMITIR POLOS VOSOS FILLOS/AS A CADA MESTRE/A TITOR/A, AS AUTORIZACIÓNS QUE SE AXUNTAN CUBERTAS E FIRMADAS CANTO ANTES. ¡GRAZAS!

AUTORIZACIÓN DE ACTIVIDADES FORA DO CENTRO

NOME.....APELIDOS.....de curso

A que realice aquelas actividades que o Centro planifica de xeito extraordinario, dentro da bisbarra de Narón e Ferrol Terra.

Narón, de..... 2015

O/A pai/nai ou titor/a legal

Firma DNI

Recortade pola liña de puntos e remitide a autorización firmada a través dos vosos fillos/as ós profesores/as titores/as.
Cubride o nome do voso fillo/a e firmade.

AUTORIZO Ó MEU FILLO/A OU TITORANDO/A A PARTICIPAR NA CAMPAÑA DA MERENDA SAÚDABLE

NOME.....APELIDOS.....de curso

Narón, de..... 2015

O/A pai/nai ou titor/a legal

Firma DNI

Recortade pola liña de puntos e remitide a autorización firmada a través dos vosos fillos/as ós profesores/as titores/as.
Cubride o nome do voso fillo/a e firmade.

AUTORIZACIÓN PARA O USO DA IMAXE PÚBLICA DO ALUMNADO

Ante a posibilidade de que en documentos, web escolar, películas e outros recursos educativos que o centro publique con fins educativos e sen ánimo de lucro, poidan aparecer imaxes dos vosos fillos/as durante la realización das actividades escolares.

E tendo en conta que o dereito á propia imaxe está recoñecido no **artigo 18. da Constitución** e regulado pola **Ley 1/1982, de 5 de mayo**, sobre o dereito á honra á intimidade personal e familiar e á propia imaxe (**Ley 15/1999, de 13 de Diciembre**) sobre a Protección de Datos de Carácter Personal.

SOLICITA a autorización para poder utilizar e/ou publicar a imaxe audiovisual ou fotográfica do seu fillo/a.

Na páxina web do centro.

Filmacións destinadas á difusión educativa, non comercial.

Fotografías para revistas ou publicacións de ámbito educativo.

NOME.....APELIDOS.....de curso

Narón, de..... 2015

O/A pai/nai ou titor/a legal

Firma DNI